

# MELANCOLÍA

Lars von Trier, 2011

# 993

ESTREA EN NUMAX: 10.08.2022 | V.O.S.E. | +7 | 136 min

Justine (Kirsten Dunst) e o seu prometido Michael (Alexander Skarsgård) celebran a súa voda cunha suntuosa festa na casa da súa irmá (Charlotte Gainsbourg) e o seu cuñado (Kiefer Sutherland). Mentres tanto, o planeta Melancolía diríxese cara a Terra.

«Unha hipnótica, visualmente magnífica e case sempre emocionante mestura de drama familiar e meditación filosófica»

Sukhdev Sandhu, TELEGRAPH



## Entrevista con Lars von Trier: «Pode ser que non haxa ningunha verdade que anhelar, pero o anhelo en si mesmo é verdadeiro»

Por Nils Thorsen

### **Que tipo de estética quería no seu filme?**

Gustárame que houbera un choque entre o que é romántico e grandioso e estilizado e logo algunha forma de realidade. É cámara en man, na súa maior parte. Pero o problema era que tiñamos un magnífico castelo en Suecia e cando engades unha voda con todos os invitados de gala, dificilmente se pode evitar que se converta en algo... fermoso (sorri).

### **No filme Justine parece incapaz de involucrarse na situación. Non o toma en serio?**

Non toma en serio a voda. Ao comezo, xoga con todo de forma despreocupada porque se sente tan segura de si mesma que pode burlarse diso. Pero pouco a pouco, a melancolía descende como unha cortina entre ela e todo o que puxo en marcha. E cando chega a noite de vodas, simplemente non lle pode facer fronte.

### **Ela parece estar nun lugar distinto aos demais, onde está mentalmente?**

Na miña opinión, anhela os naufraxios, a morte súbita, como escribiu Tom Kristensen. E tamén o consegue. En certo modo, consegue sacar este planeta de detrás do sol e entrégase a el.

### **Cando anhela os naufraxios a morte súbita, debe ser porque parece máis real que este mundo falso?**

Creo que iso é certo. Ela realmente experimenta dúbidas. E cando está na voda que se impuxo a si mesma, asáltaa a dúbida.

### **Dúbidas sobre que?**

Se todo vale a pena. Unha voda, despois de todo, é un ritual. Pero hai algo máis alá do ritual? Non o hai. Non para ela. É unha gran pena que os melancólicos non valoremos os rituais. Eu tamén o paso mal nas festas. Agora todos nos divertimos, divertímonos, divertímonos. Quizais porque os melancólicos poñen en xogo algo máis que unha cervexas e algo de música. E hai máis festa se temos grilandas de cores. Parece tan falso. Os rituais sonos. Pero se os rituais non valen para nada, iso vale para todo, xa sabes.

### **Supoño que ese é o punto de vista do melancólico: que todo está baleiro.**

Se hai algún valor máis alá dos rituais, está ben. O ritual é como un filme. Ten que haber algo no filme. E entón a trama do filme é o ritual que nos leva ao que hai dentro. E se hai algo dentro e máis alá, podo relacionarme co ritual. Pero se os rituais están baleiros, é dicir, se xa non é divertido recibir regalos de Nadal ou ver a alegría dos nenos, entón todo o ritual de arrastrar unha árbore ao interior do salón vólvese vacuo.

### **Pero, por que o melancólico anhela os naufraxios e a morte súbita?**

Simplemente porque é verdade. O anhelo é a verdade. Pode ser que non haxa ningunha verdade que anhelar, pero o anhelo en si mesmo é verdadeiro. Igual que a dor é verdadeira. Sentímolo no noso interior. É parte da realidade.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Lars von Trier  
y el Dogma 95,  
Mercedes De Luis.  
JC Clementine, 2021*